REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 05.09.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

1.1 30267 (10/POC-008184)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre os datos referidos ás axudas outorgadas, os convenios subscritos e os contratos públicos adxudicados pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 á empresa do sector da automoción Plastic Omnium Componentes Exteriores, S.L.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019

1.2 30268 (10/POC-008186)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre os datos referidos ás axudas outorgadas, os convenios subscritos e os contratos públicos adxudicados pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 á empresa do sector da automoción PSA Peugeot-Citroën
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019

1.3 30269 (10/POC-008185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre os datos referidos ás axudas outorgadas, os convenios subscritos e os contratos públicos adxudicados pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 á empresa do sector da automoción Reydel Automotive Spain, S.L.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 47311 (10/PNC-003819)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA

2.2 50815 (10/PNC-004092)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso de acredores presentado e o posible peche da planta da empresa Poligal en Narón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019

2.3 50838 (10/PNC-004093)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da planta de Isowat na Coruña e a negociación entre Abanca e calquera posible investidor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019

2.4 51982 (10/PNC-004153)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa suba dos prezos do alugamento nas zonas de proliferación de pisos turísticos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 498, do 04.07.2019

2.5 51988 (10/PNC-004154)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación dun concurso de acredores e co posible peche da planta de Poligal en Narón, así como as axudas públicas autonómicas recibidas pola empresa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 498, do 04.07.2019

2.6 52826 (10/PNC-004204)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen e Pérez Seco, José Manuel
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación da Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

PARLAMENTO
DE GALICIA

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	M
Luca Chao Pérez	EM
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 05.09.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 30267(10/POC-008184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos ás axudas outorgadas, os convenios subscritos e os contratos públicos adxudicados pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 á empresa do sector da automoción Plastic Omnium Componentes Exteriores, S.L.

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30267
Data envio: 30/04/2018 18:05:16.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Preguntas para a súa resposta escrita**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción. Cómpre, polo tanto, avaliar se o seu outorgamento está a repercutir positivamente no mantemento e creación de postos de emprego e en evitar a deslocalización da actividade produtiva.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30267
Data envio: 30/04/2018 18:05:16.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza desde o ano 2009 á actualidade á empresa PLASTIC OMNIUM COMPONENTES EXTERIORES S.L.? Cantas? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

2. Cantos convenios? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

3. Cantas contratacións públicas obtivo esta empresa? Para que obxectivo? Con que contía? Con que mecanismos de avaliación e control?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30267
Data envio: 30/04/2018 18:05:16.806

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 17:44:49

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 17:44:53

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 17:44:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 17:44:56

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 17:44:57

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 17:44:58

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 30268(10/POC-008186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos ás axudas outorgadas, os convenios subscritos e os contratos públicos adxudicados pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 á empresa do sector da automoción PSA Peugeot-Citroën

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30268
Data envio: 30/04/2018 18:05:27.853

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Preguntas para a súa resposta escrita**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción. Cómpre, polo tanto, avaliar se o seu outorgamento está a repercutir positivamente no mantemento e creación de postos de emprego e en evitar a deslocalización da actividade produtiva.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30268
Data envio: 30/04/2018 18:05:27.853

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza desde o ano 2009 á actualidade á empresa PSA PEUGEOT CITROEN? Cantas? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

2. Cantos convenios? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

3. Cantas contratacións públicas obtivo esta empresa? Para que obxectivo? Con que contía? Con que mecanismos de avaliación e control?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30268
Data envio: 30/04/2018 18:05:27.853

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 17:44:28

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 17:44:32

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 17:44:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 17:44:35

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 17:44:36

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 17:44:38

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 30269(10/POC-008185)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre os datos referidos ás axudas outorgadas, os convenios subscritos e os contratos públicos adxudicados pola Xunta de Galicia desde o ano 2009 á empresa do sector da automoción Reydel Automotive Spain, S.L.

Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30269
Data envio: 30/04/2018 18:05:38.462

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Xosé Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Preguntas para a súa resposta escrita**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción. Cómpre, polo tanto, avaliar se o seu outorgamento está a repercutir positivamente no mantemento e creación de postos de emprego e en evitar a deslocalización da actividade produtiva.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30269
Data envio: 30/04/2018 18:05:38.462

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza desde o ano 2009 á actualidade á empresa REYDEL AUTOMOTIVE SPAIN S.L.? Cantas? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

2. Cantos convenios? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

3. Cantas contratacións públicas obtivo esta empresa? Para que obxectivo? Con que contía? Con que mecanismos de avaliación e control?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 30269
Data envio: 30/04/2018 18:05:38.462

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2018 17:43:15

María Montserrat Prado Cores na data 30/04/2018 17:43:19

Ana Pontón Mondelo na data 30/04/2018 17:43:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/04/2018 17:43:22

Olalla Rodil Fernández na data 30/04/2018 17:43:23

Xosé Luis Bará Torres na data 30/04/2018 17:43:24

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 47311(10/PNC-003819)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas dificultades que teñen as empresas galegas, en especial as pemes, para a súa incorporación aos mercados internacionais

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:40:44
Nº Rexistro: 47311
Data envio: 06/03/2019 10:40:44.879

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A capacidade exportadora dun territorio é un factor fundamental para avaliar a súa competitividade e a súa capacidade para ter un crecemento económico sostido no tempo. O que quere dicir que é un factor básico para xerar emprego de calidade e asegurar a sustentabilidade do sistema de protección social.

Nun contexto de desaceleración do crecemento exportador no conxunto de España, a economía de Galicia mantivo no ano 2018 un ritmo exportador destacado. Mentres en España as exportacións xa medran por baixo da media da zona euro ou da UE, en Galicia seguen a medrar por riba deses espazos económicos.

No ano 2018, o crecemento das exportacións galegas foi dun un 4,9 %, inferior ó do ano anterior, pero superou a media da UE e do conxunto de España, que quedou no 3,2 %. Este bo resultado débese sobre todo ao dinamismo exportador do sector da automoción, mentres que o sector téxtil presenta un lixeiro descenso.

Este bo balance exportador no último ano, presenta na nosa opinión, un dato que nos parece negativo e extremadamente importante; o do número de empresas exportadoras. Aínda que o seu número medrou nun 8,1 %, o conxunto de España acadou o 26,5%, unha intensidade tres veces maior.

Así, para igualar o peso que temos no PIB de España precisamos incorporar máis de 3.000 novas empresas exportadoras, de xeito especial fóra da UE e cara os países emerxentes. Este horizonte significa incrementar o número de empresas exportadoras nun 40 %.

A acción pública da Xunta de Galicia neste ámbito é na opinión dos socialistas relativamente escasa e pouco coordinada, centrada na publicidade e na propaganda e con déficits moi importantes no apoio directo as empresa, especialmente as Pemes.

CSV: sa4Hvo0V91
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:40:44
Nº Rexistro: 47311
Data envio: 06/03/2019 10:40:44.879

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar, nun prazo de seis meses, unha avaliación detallada das razóns polas que as empresas galegas, especialmente as Pemes, teñen tantas dificultades para incorporarse aos mercados internacionais.

2. En base a esa avaliación, deseñar no prazo dun ano, un Programa específico de apoio ás empresas galegas non exportadoras para internacionalizarse.

3. Neste programa especifico, deberían de coordinarse especificamente os ámbitos da innovación, da calidade e o deseño e da financiación.

Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 10:38:53

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 10:38:58

CSV: sa4HroJV91
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:40:44
Nº Rexistro: 47311
Data envio: 06/03/2019 10:40:44.879

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 10:39:04

CSV: sa4HvoJV91
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 50815(10/PNC-004092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso de acredores presentado e o posible peche da planta da empresa Poligal en Narón

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:36:00
Nº Rexistro: 50815
Data envio: 06/06/2019 13:36:00.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa ao posíbel peche da planta de Poligal en Narón e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Poligal é unha empresa situada en Narón que desenvolve fabricación de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido.

O pasado 22 de febreiro de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento do anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta ferrolá. Esta foi e é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Ferrolterra e o país enteiro a un deserto industrial.

CSV: REXISTROIMKPyIPNA8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:36:00
Nº Rexistro: 50815
Data envio: 06/06/2019 13:36:00.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase dunha empresa rendíbel, como demostra que até o último momento tivera previsión de carga de traballo a longo prazo. Así mesmo, esta empresa ten unha fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018. Sorprende polo tanto que esta situación sexa exclusiva para Narón e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos coas forzas sindicais a lectura de que se trata dunha deslocalización encuberta.

No mes de marzo impulsáronse no Parlamento Galego diversos acordos para sumar a prol dunha solución e desde entón tamén as e os traballadores téñense mobilizado demandando unha saída e poñendo todo o esforzo da súa parte. No momento de asinar a iniciativa as organizacións sindicais están a demandar do administrador concursal que non limite o período de consultas aos 30 días establecidos na lexislación porque necesitan tempo para buscar unha alternativa de continuidade para a fábrica de Narón. Así mesmo, denuncian a pasividade da Xunta de Galiza e demandan que se dea un novo impulso ao traballo da mesa técnica para que os proxectos formulados se convirtan en alternativas viábeis.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

CSV: REXISTROIMKPyIPNA8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:36:00
Nº Rexistro: 50815
Data envio: 06/06/2019 13:36:00.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Demandar do administrador concursal flexibilidade nos tempos para incrementar as posibilidades de atopar comprador.

2. Intensificar os traballos da Mesa técnica de traballo e a colaboración co Comité de Empresa."

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 13:23:56

CSV: REXISTROIMKPyIPNA8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 13:36:00
Nº Rexistro: 50815
Data envio: 06/06/2019 13:36:00.400

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 13:24:09

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:24:16

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 13:24:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 13:25:01

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:25:13

CSV: REXISTROIMKPyIPNA8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 50838(10/PNC-004093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación da planta de Isowat na Coruña e a negociación entre Abanca e calquera posible investidor

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 06/06/2019 14:03:09.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é un dos retos máis importantes que ten neste momento a industria galega.

Cómpre recordar que é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

Neste momento, as e os traballadores informan de que teñen un posíbel inversor que reúne as condicións necesarias para a viabilidade da fábrica e que neste momento a necesidade para unha saída positiva radica en que a entidade financeira Abanca sexa flexíbel nas súas condicións económicas respecto das naves.

CSV: REXISTROIbNGoaIYD9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 06/06/2019 14:03:09.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a exercer como mediadora entre a entidade financeira Abanca e calquera posíbel inversor en Isowat para facilitar unha negociación flexible que posibilite o éxito da operación e a continuidade da fábrica galega."

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 13:49:12

CSV: REXISTROIbNGoalYD9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 50838
Data envio: 06/06/2019 14:03:09.415

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 13:49:21

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:49:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 13:49:37

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 13:49:49

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:49:56

CSV: REXISTROIbNGoalYD9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 51982(10/PNC-004153)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa suba dos prezos do alugamento nas zonas de proliferación de pisos turísticos

Publicación da iniciativa, 498, 04.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 10:51:50
Nº Rexistro: 51982
Data envio: 27/06/2019 10:51:50.287

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** sobre o incremento dos prezos do alugueiro nas zonas de proliferación de pisos turísticos.

O incremento de pisos turísticos volve demostrar que a Xunta de Galicia non é quen de xestionar o panorama inmobiliario galego.

Os pisos turísticos aumentaron un 17% nos primeiros seis meses de 2019 e un 90% con respecto aos datos de febreiro do ano pasado, sumando un total de 8.763. Sanxenxo continúa liderando a oferta deste tipo de aloxamentos con 1.629. No segundo e no terceiro posto atopamos a Santiago (569) e Vigo (310). Un pouco por detrás está A Coruña (296).

Sanxenxo tamén está á cabeza de prazas nos pisos turísticos, como é lóxico. Suma 8.171, desafiando así o número de prazas hoteleiras (8.907). A bastante distancia, temos a Santiago (2.716), A Coruña (1.365) e Vigo (1.132).

Atendendo ás porcentaxes, o aluguer turístico aumentou un 32% en Vigo, un 31% en Ourense, un 27% en Lugo, un 17% en Santiago de Compostela e Vilagarcía e un 15% na Coruña, por citar só unhas cantas das vilas e cidades afectadas polo cambio do paradigma turístico.

No conxunto do territorio, hai 25.367 cuartos dispoñibles nos pisos turísticos e un total de 44.364 prazas. As prazas hoteleiras son 67.000, polo que a magnitude da ameaza para o sector do aloxamento tradicional.

CSV: REXISTROBNZoWNd3X8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 10:51:50
Nº Rexistro: 51982
Data envio: 27/06/2019 10:51:50.287

Segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein), o incremento de pisos turísticos é unha das principais razóns que explican o aumento dos prezos dos alugueres. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta –elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda– son claros ao respecto. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31% na Coruña, un 27% en Vigo, un 15,3% en Santiago e un 21,5% en Pontevedra. O aumento do prezo dos alugueres camiña paralelo ao aumento do número de pisos turísticos.

Ao mesmo tempo que isto acontece, sube tamén o prezo dos inmobles que están á venta. O Ministerio de Fomento vén de publicar os datos ao respecto do pasado trimestre e asemella que unha nova burbulla volve asomar no horizonte. Levamos xa catro anos de ascensos continuados.

Na cidade da Coruña, o prezo medio do metro cadrado é de máis de 1.600 euros. Durante o último ano, experimentou un ascenso do 6%, ao igual que outras cidades do eixo atlántico como Compostela, Vigo e Oleiros. En Compostela, o prezo do metro cadrado achégase tamén aos 1.600; Vigo está preto dos 1.500 e Oleiros supera os 1.300.

As dúas localidades que sufriron unha maior subida do prezo son Ourense (13%) e Culleredo (11%), cuxos prezos superan os 1.200 euros por metro cadrado.

A situación é aínda máis preocupante se o que temos en conta son os prezos da vivenda nova. O prezo da vivenda nova na cidade da Coruña subiu un 8,5% e na cidade de Vigo un 16,5%.

CSV: REXISTROBNIZdwNdX8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 10:51:50
Nº Rexistro: 51982
Data envio: 27/06/2019 10:51:50.287

Así as cousas, a cidadanía afronta cada vez maiores problemas para acceder a vivenda, tanto se opta polo aluguer como se prefire a compra, sen que a Xunta de Galicia faga nada para atopar solucións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar, antes de que remate este ano, un informe detallado que inclúa o número de vivendas turísticas legalizadas á luz do devandito decreto, respecto aos concellos nos que se sitúan, os datos que ten a Xunta respecto aos pisos ilegais, as inspeccións realizadas e os expedientes sancionadores abertos. Así como os datos rexistrados respecto aos incrementos dos prezos de alugueiro nas zonas que padecen maior presión turística

2. Aprobar unha moratoria sobre a apertura de novos pisos turísticos naquelas zonas que, durante o último ano, experimentaran grandes subidas do aluguer.

3. Modificar o devandito decreto para que :

a) nos anuncios de alugueiro, sobre todo nos que se atopan nas plataformas web, se publique o número de rexistro de cada vivenda.

b) se estableza unha diferenciación entre propietarios individuais que alugan temporalmente as súas vivendas (menos de tres meses ao ano) e os propietarios de vivendas dedicadas exclusivamente ao alugueiro turístico.

c) as vivendas turísticas localizadas en zonas especialmente sensibles, como os casos históricos protexidos, precisen dunha autorización previa dos concellos nos que se radican.

CSV: REXISTROBNIZdwNdX8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 10:51:50
Nº Rexistro: 51982
Data envio: 27/06/2019 10:51:50.287

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:04:54

Antón Sánchez García na data 27/06/2019 10:06:41

CSV: REXISTROBNIZdwNdX8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 51988(10/PNC-004154)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa presentación dun concurso de acredores e co posible peche da planta de Poligal en Narón, así como as axudas públicas autonómicas recibidas pola empresa

Publicación da iniciativa, 498, 04.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 10:54:55
Nº Rexistro: 51988
Data envio: 27/06/2019 10:54:55.074

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª,** sobre o peche da planta de Poligal en Narón.

O pasado 22 de febreiro o conselleiro delegado de Poligal Packaging Narón, dedicada á fabricación de plásticos para a industria alimentaria e a laminación, comunicaba que a compañía viña de solicitar concurso voluntario de acredores. Pasados os meses, as administracións competentes, tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Industria, non mediaron para evitar o despedimento das 112 persoas que traballan na empresa. 112 postos de traballo pendentes dun ERE extintivo que remataba o período de consultas o pasado 8 de xuño.

O comité de empresa de Poligal e os propietarios, o grupo Prelada, mantiveron o pasado 27 de marzo unha reunión no Ministerio de Industria, mais, tal e como relatan os traballadores o Goberno central non volveu dar mostras de interese sobre a súa situación.

Cómpre lembrar que Poligal foi unha empresa receptora de subvencións e obxecto dos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, o que lle permitiu recibir importantes axudas que non foron destinadas a garantir a continuidade da empresa.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

CSV: REXISTROXUsxQFrqr30
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 10:54:55
Nº Rexistro: 51988
Data envio: 27/06/2019 10:54:55.074

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Defender ante os propietarios a continuidade da actividade produtiva e o mantemento dos postos de traballo, na planta de Poligal en Narón
2. Demandar do administrador concursal flexibilidade nos tempos para incrementar as posibilidades de atopar comprador.
3. Revisar o cumprimento das condicións de concesións de todas as axudas públicas autonómicas recibidas pola empresa Poligal,

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea

Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:42:41

Antón Sánchez García na data 27/06/2019 10:42:45

CSV: REXISTROXUsxQFqr30
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.09.2019 Hora: 10:30
Orde do día

2.6 52826(10/PNC-004204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha modificación da Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente

Publicación da iniciativa, 512, 29.07.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52826
Data envio: 19/07/2019 15:20:10.132

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia, organismo adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, publicou o 8 de xullo deste ano no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2019.

Na propia exposición de motivos ponse de manifesto a necesidade urxente de que por parte das distintas administracións se adopten medidas destinadas a reducir o consumo de combustibles fósiles para facer fronte á senda crecente de emisións de gases de efecto invernadoiro. Sendo o sector transporte unha actuación prioritaria posto que representa o 31 % do consumo de enerxía final de Galicia, representando o transporte por estrada un 80 % deste consumo cunha dependencia dos derivados do petróleo do 95 %.

Galicia ten un dos parques de automóbiles máis envellecidos de España cunha antigüidade de 14 anos, polo que a substitución de vehículos de certa antigüidade por vehículos novos eficientes permitiría a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

A Orde de axudas pretende retirar da circulación uns 2.000 vehículos con máis de 10 anos de antigüidade e substituílos por outros máis respectuosos co medio natural, establecendo unha serie de aforros económicos para os condutores, así como a xeración de actividade económica na industria galega de automoción, para o que destina, en réxime de concorrencia non competitiva, 1,1 millóns de euros, dos que 800.000 € se dirixen a persoas físicas residentes na comunidade e 300.000 € a autónomos e empresas con domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. O prazo de presentación das solicitudes comezará o 30 de xullo de 2019 ás 9.00 horas e rematará cando se esgoten os fondos.

Por medio destas achegas, poderanse adquirir vehículos de ata 40.000 €, que poderán ser turismos ou furgonetas, cuxos importes dependerán da clasificación enerxética do modelo. As achegas da Xunta de Galicia poderán chegar ata os 750

CSV: REXISTROS4AGCGn7K5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52826
Data envio: 19/07/2019 15:20:10.132

€ que terán un desconto similar por parte dos concesionarios, xa que logo os aforros poderán chegar ata 1.500 €

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que aprobe unha modificación da Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2019, co seguinte contido:

1. A concesión das subvencións establecerase en réxime de concorrencia competitiva, en función dos ingresos brutos anuais da familia.

2. Será subvencionable a adquisición de vehículos novos M1 ou N1 de transición a unha mobilidade eficiente cun custe inferior ou igual a 25.000 € (impostos incluídos) e sendo obrigatorio o achatarramento dun vehículo M1 ou N1 de máis de 10 anos.

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2019 13:35:28

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/07/2019 13:35:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/07/2019 13:36:05

CSV: REXISTROS4AGCGn7K5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/